

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 2 DE SETEMBRO DE 2010

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaoto horas 2 de setembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Iván Puentes Rivera, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don José Antonio López Rodríguez, don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, dona María del Carmen Silvar Canosa, dona Amalia García Balado, don Juan Manuel Lourido González, dona Rocío Rey Sampayo, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Manuel Vicente Pico Sanmartín, don Edgar Antonio Vigo López, don Manuel Polo Gundín, don Gumersindo Pedro Galego Feal, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona María del Pilar Fornos Corral e don Manuel Sánchez Martínez.

Secretario:

Don Jesús Tallón García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1º.- Dación de contas das resolucións da Alcaldía dende a número 454/2010 de 28 de xuño ata a número 620/2010 de 26 de agosto

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 454/2010 de 28 de xuño de 2010 e a número 620/2010 de 26 de agosto de 2010, manifestando o sr. alcalde-presidente que están a disposición dos distintos grupos na Secretaría do Concello.

2º.- Mocións

Non se formula ningunha.

3º.- Rogos e preguntas

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido di que quere facer un rogo ao alcalde no sentido de que eles teñen manifestado moitas veces a necesidade de que os Presidentes e Presidentas das Comisións Informativas dean conta da información, das actividades e das cuestións que ían xurdindo día a día no Concello e ademais que tamén foran facéndose cargo e que iso está

nos acordos plenarios, das informacións ou peticións que se fan nos distintos Plenos, que todo isto lonxe de cumprirse e que pasouse a ter Comisións nas que non se informa nada ou convocadas sen contido algún ou polo menos sen ese contido que o grupo municipal do BNG tiña pedido, polo que roga ao alcalde para que os Presidentes das Comisións, que teñen deberes dabondo para informar de cuestións fundamentais importantes que se deron no mes de agosto e de xullo, e relaciona a modo de exemplo os cartos que Fene ten que devolver ao Estado, cuestións de formación, que saben que non hai cursos pero non saben nada máis, información relativa á radio do que non saben nada, que non se convocaría do Consello nin se informa da programación, nin existe proposta de ningunha concellería e a escusa da última Comisión foi descansarse no alcalde que é quen non convocatoria o Consello da Radio, que en educación non se deu conta de se estaban solucionadas todas as cuestións para o comezo do curso escolar, que parece que non fóra urxente facer a Comisión ordinaria, tendo publicado no DOG o peche da escola de Limodre, aínda que finalmente se subsanou con certa axilidade, parece ser, que está pendente de que se publique de novo a rectificación, pero que o día da Comisión iso non estaba materializado e non se fixo tampouco a Comisión para dar conta aos grupos políticos e ao final os grupos acaban enterándose polos medios de comunicación, que na Comisión de Urbanismo podíase ter informado sobre o POL, que se deu información por petición do BNG, que se non non se daría, que a información relativa das directrices de ordenación do territorio se deu conta dun informe técnico o último día a última hora, pero non houbo información previa nin debate político coma sería desexable, que descoñecen se as licenzas que van á Comisión logo se aproban ou non na Xunta de Goberno e que tampouco se dan conta das disciplinas urbanísticas, do cumprimento das distintas resolucións e acordos neste senso e que están pendentes de executar na súa totalidade, que na Área de Cultura e Deportes se podía ter falado de como remataron as escolas e actividades antes do verán e as previsións para o futuro e iso se fixo nunha Comisión extraordinaria na que só compareceu unha das dúas concelleiras delegadas, a pesar de que o BNG tiña pedidas distintas cuestións de Servizos Sociais dende hai dúas ou tres Comisións e non se informou de nada disto, que non se informou do Servizo de Atención a Muller que se ía a poñer de novo en funcionamento está funcionando ou non, que na Comisión de Obras se descoñece o que se leva á Comisión e logo non se informan de todas as obras que están pendentes de facer neste Concello e cita os POS o PCC o Plan E, que se ve que moitas delas están aínda sen comezar e non se informa de nada disto, que non se informa da entrada por rexistro do Convenio coa Xunta de Galicia para a xestión de residuos voluminosos porque non hai dación de contas, que non se informa do Plan de zonas verdes, que non se informa do Plan de rebacheos e de todo isto, o grupo de goberno quedou en informar nas Comisións informativas, que logo chegan os Plenos e o seu grupo ven con corenta preguntas ao Pleno, o grupo Popular con outras tantas e Esquerda Unida porque efectivamente nas Comisións Informativas non se fai o que se ten que facer, que isto está a pasar en todas as Áreas, nunhas máis que outras, pero que hai unha desinformación, falla de rigor e falla de respecto aos acordos plenarios que se saltan as convocatorias establecidas das Comisións Informativas que teñen día e hora fixada e, cando menos, se non se ten pensado convocar as Comisións o menos que se pode facer é avisar aos grupos políticos para darlles unha mínima explicación, non dicir que non había temas e que en agosto non se traballa cando si que hai temas máis que suficientes en todas as Áreas para dar información e explicacións.

Roga o concelleiro Manuel Polo Gundín para que se paguen as facturas ás empresas que ten subcontratado o Concello, aínda que estean moitas delas dun xeito irregular, contratadas verbalmente, xa que estas empresas teñen que pagar aos seus traballadores, e pensa que é necesario normalizar a situación contractual desas empresas, se son necesarios eses servizos e por outro lado axilizar os pagamentos, xa que o Concello así vai ter dous problemas, un coas propia empresa e cos propios traballadores xa que estas cuestións non son sostibles no tempo. Tamén quere preguntar canto lle vai custar aos veciños de Fene a Feira do Mar esta fin de semana.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Edgar Antonio Vigo López, que roga respecto dos colectores do Concello xa que se dispón dun vehículo que pode facer a limpeza destes que se acometa este traballo evitando así os malos olores. Tamén rogar, que logo de aprobar os orzamento, respecto das subvencións, se convoquen canto antes para que ás entidades non as vexan publicadas o último día do ano.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Vicente Pico Sanmartín, quere preguntar ao alcalde respecto do alumeado do polígono Vilar do Colo xa que lle contestou que se estaba a esperar unha subvención que estaba solicitada, que esa subvención foi denegada, polo que pregunta porqué está denegada a subvención, pide que se dea conta dela e pregunta que se ten pensado facer agora con este alumeado. Tamén quere preguntar respecto da reunión que ten pedida a Sociedade de Veciños de Sillobre, San Marcos e Magalofes polo tema da auga e saneamento na zona alta da que non se deu contestación.

De seguido intervén o sr. alcalde que resposta respecto que segundo o que xa dixo no último Pleno que a subvención que se tiña pedida á Xunta de Galicia para repoñer o cable que foi roubado no polígono Vilar do Colo foi denegada, que o motivo é ese termo xenérico que se emprega habitualmente cando non se dá unha subvención de non ter acadado a puntuación mínima requirida para poder optar a ela e polo tanto non queda máis que confiar no equipo de valoración da Xunta de Galicia e entender que tiñan outras obras mellores en Galicia para subvencionar que esta, que non hai outro motivo e o que ten pensado facer o Concello e atopar vías de financiamento para poder facer esa obra, xa que á espera de chegar a fin de ano e ver en que partidas hai sobrantes de cartos, agora mesmo trátase dunha cantidade de cartos importante coma para non poder dispoñer dela neste momento, polo que se optará a todas as vías de financiamento alleas para repoñer ese alumeado. Respecto da xuntanza coa Asociación de Veciños de Sillobre, San Marcos e Magalofes pensa que xa se falou en algunha ocasión e o reitera aquí que o día e a semana que estimen axeitado pódese facer a reunión, e que ao remate do Pleno poden falar e poñer data para a reunión, xa que logo de se aprobar o orzamento e tendo partida para a auga de Magalofes e todo o que sexa traballar conxuntamente para que ese investimento se poida producir, pola súa parte están totalmente dispostos.

A continuación fai uso da palabra a concelleira delegada de Cultura e Deportes, María del Carmen Silvar Canosa, que resposta respecto do custe da Feira do Mar di que na Comisión non deu cantidades económicas do custe pero que si se quere pódese dar conta na vindeira Comisión dun resumo relativo aos custes da Feira, que dixera que economicamente non suporía nada, agás as tomas eléctricas e de auga que se ían facer á lonxa, que o resto do persoal é persoal de Protección Civil e da Policía do Concello e se usarían de medios dos que dispón o Concello, que si hai un custe de cartelería e de pancartas para o que se solicita unha subvención da Deputación Provincial e da Consellería de Promoción Económica e Turismo, e deste custe se pasará unha relación detallada na vindeira Comisión.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que quere rogar, que xa é a segunda vez que lles pasa, respecto dunha moción presentada polo Partido Popular en relación á modificación do artigo 14.2 do Real decreto lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para reducir o déficit público, presentada en data 4 de agosto de 2010 e ben puido ir á Comisión, e non foi, que da igual, xa que non consideran fose de urxencia pero roga que vaia á próxima Comisión para debater no próximo Pleno. Tamén pregunta se o sr. alcalde ten coñecemento dalgunhas reclamacións salariais ou por altas na Seguridade Social por diferentes horarios dos traballadores que ten contratados normalmente, concretamente da empresa de limpeza, e

tocante a este tema, tamén queren saber se respecto desta ou doutras empresas se lles pediu os TCs ou como mínimo, xustificación de estar ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social e a Facenda, xa que coma se carece de todo tipo de procedemento, non saben coma se está a tratar estes temas e dende o Partido Popular pensan que iso pode ser unha responsabilidade importante para o Concello. Prosegue dicindo que o 21 de maio o Partido Popular solicitou por rexistro unha copia de contratos subscritos por FM Publicidade ou Radio Fene e de non existir nos arquivos, requirir a esa empresa para que a aporte dada a evidente relación comercial que hai e así consta por escrito, que o volveron reiterar o 9 de xullo de 2010 e xa se está en setembro e aínda non saben nada disto, polo que roga que se lles facilite esa información. Prosegue dicindo que o 23 de abril de 2010 o Partido Popular solicitou copia da totalidade do expediente xestión documental e xestión rexistral da adquisición dos terreos tanto da estación do bombeo coma dos terreos onde van ir os depósitos da auga de Barallobre, incluíndo unha escritura, da que o seu partido ten coñecemento que se otorgou co sr. Feal Otero para un terceiro, e o volveron reiterar o 9 de xuño e aínda non se lles achegou esa documentación que eles saben que existe, polo que roga que se lles facilite o máis axiña posible. Continúa dicindo que tamén pediron ese mesmo día 9 de xullo noutro escrito o documento de titularidade da segunda escola infantil e a inscrición no rexistro da propiedade, o documento de titularidade ou da propiedade dos terreos no que se pretende instalar o centro de día, documento de propiedade ou titularidade e a inscrición no rexistro da propiedade dos terreos locais de ensaio, documento de propiedade ou titularidade e a inscrición da propiedade dos terreos dos depósitos de auga de Magalofes e da estación de bombeo e documentos que acrediten a titularidade e inscrición no rexistro da propiedade dos terreos para a condución de saneamento e abastecemento á parroquia de San Marcos e lle gustaría que si se convoca esa reunión poder levar esta documentación para poder traballar sobre ela.

Prosegue o concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal preguntando sobre a Feira Marítima, e di que, dende o Partido Popular teñen que supoñer que esa persoa que onte saía na presentación da Feira, que é o organizador ou empresa que a organiza, entenden que vai realizar o evento exclusivamente cos cartos que recaden os postos, si é que o Concello só vai dar o subministro, polo que pregunta se isto é así, se ese señor vai traballar só cos cartos que xere a Feira. Continúa dicindo que os taxistas teñen solicitado en varias ocasións a modificación do espello fronte a saída da parada de taxis de Perlío, xa que os camións que aparcan na beiravía moitas veces moven o devandito espello, polo que rogan que se modifique a súa colocación ou se busque unha solución. Respecto das Resolucións da Alcaldía de que hai unha na que se designa avogado e procurador para unha demanda da SGAE que demanda ao Concello e quere saber cál é o motivo da demanda. Pregunta tamén polas rotondas de Vilar do Colo, xa que se cansa de ver os cartos que leva invertido o Concello nelas, xa que entende que non son todas de titularidade municipal aínda que se estivo facendo cargo o Municipio. Roga pola limpeza do lavadoiro de Arangas de Maniños que ten lodo ata a metade e non se pode utilizar, pola reposición dun espello roto na Reitoral de Maniños e pola reparación dunha focha na rúa dos Muiños, tamén roga pola limpeza das escaleiras que están trala empresa de Pan Perlío para que cando se merquen as flores da mediana, non se merquen máis lavandas. Prosegue dicindo que hai a promesa de votar zahorra no camiño que vai dende o comezo do camiño do Feal e vai saír ao parque do Feal polo que roga que se faga antes de que veña o inverno. Tamén roga por un camiño que está intransitable que é o que está subindo por Lubián a dereita. Continúa rogándolle ao alcalde que cando xurdan problemas coma pode ser o da escola de Limodre, que primeiro e antes de facer declaracións e prender os ánimos da xente, coñeza os asuntos e logo que saia a prensa a dicir o que corresponda.

De seguido intervén o sr. alcalde que resposta dicindo que toman nota dos rogos e que respecto deste último di que el non se altera en absoluto, que defende o que cre que é inxusto para o Concello e que rogaría se puidese, e o di para que conste en acta, que á Xunta de

Galicia cando adopte algunha decisión que afecte ao Concello de Fene tamén teña a ben informar ao Concello en vez de facelo por medios de comunicación ou no DOGA directamente, máis cando na última conversa que se ten coa Delegada Provincial de Ensino e se fala do estado dos colexios de Fene, das necesidades e dos arranxos destes e se lle pasa a relación de todas elas e se lles di, e o poderían ter usado naquel momento e non o fixeron por lealdade institucional, que a escola de Limodre se pode pechar, xa que coma ten seis alumnos está abocada a desaparecer e se o goberno municipal está de acordo que se pecharía, ao que eles lles dixeron que non xa que había o criterio de cinco ou menos alumnos para pechar unha escola e que non se daba aquí a circunstancia, polo que no mes de maio cando se fai a reunión, a Xunta xa sabe que hai máis de cinco alumnos e se quixeran ser demagogos, coma se lles acusa en moitas ocasións, podería ter saído a prensa naquel momento e ter dito que a Xunta de Galicia quere pechar esta escola, e di que non o fixeron, que chegaron a un acordo con Xunta de Galicia para que Limodre non se pechase e para el ese tipo de acordos, con independencia da militancia política de cada institución, son para respectar, que o que non acepta é que en agosto se publicara no DOGA a ver se pasa o do peche de Limodre e tampouco acepta que cando se chame se tarde tres días en contestar e dicirlles o que pasou coa escola de Limodre e o día que lles da a explicación, coma non lles poden dicir que se equivocaron á hora de contar os alumnos, se nos diga que foi un erro debido a que se esqueceron de dicirlle ao inspector de zona o acordo a que chegaran con Fene para non pechar esta escola, tal e coma tiñan previsto, pero o que lles din aos medios de comunicación é que se equivocaron ao contar os alumnos, polo que o que lle gustaría é que o que se roga a este goberno sexa aplicado ao propio partido e as institucións que governe na Xunta de Galicia.

Prosegue dicindo o alcalde, respecto das preguntas formuladas, que non ten constancia de ningún problema salarial das empresas que prestan algún tipo de servizo ao Concello de Fene, respecto da SGAE di que habería que mirar en detalle a demanda e ofrécelle ao voceiro do Grupo Popular a poida coñecer, que en todo caso e falando de memoria, cre lembrar que hai uns meses había unha denuncia pola emisión de música na emisora municipal e respecto da necesidade de pagar un canon pola emisión desa música, que o están a falar os avogados de Fene e a SGAE e do resultado se dará conta aos grupos municipais. Respecto das rotondas de Vilar do Colo resposta que o único que se está a facer, coma nos tres últimos anos é a limpeza da maleza, que tamén xa se dixo en outras ocasións que a competencia disto é do Ente de Conservación do Polígono, ente que está constituído pero que é obvio que non traballa, que non arranca e que se está en contacto con empresarios por parte dos Concellos de Fene e Cabanas para constituír un novo ente, impulsados polos concellos para conseguir que este si traballe pero mentres tanto, aínda que só sexa por seguridade vial, a maleza das rotondas hai que eliminala, e se desbrozaron as rotondas e isletas de Fene e dúas das rotondas compartidas con Cabanas, xa que sería un tanto ridículo deixar sen desbrozar as cuartas quintas partes das rotondas, e a rotonda última, a que está no paso inferior da estrada nacional non se lle tocou, xa que é de Cabanas e decidirá Cabanas que quere facer con ela, e o único que se fixo foi isto, limpar a maleza e repoñer unha pedra cunha placa da inauguración da segunda fase do polígono que estaba tirada coma consecuencia dun accidente, que non se fixo nin se vai facer nada máis que isto.

Continúa respondendo o sr. alcalde respecto da titularidade dos terreos aos que se referiron os concelleiros dicindo que os da auga de San Marcos non teñen problema e están a disposición do Concello, respecto dos da auga de Magalofes hai dous que tiñan problemas coa escritura no rexistro da propiedade, que se están a estudar na Secretaría para poder resolver o asunto canto antes, e segundo o dito noutras ocasión, e quere aclarar que isto non supón impedimento para que a Xunta de Galicia, poida, co Concello de Fene, asinar o convenio oportuno para poder facer o abastecemento de auga a Magalofes e a San Marcos a rede de saneamento, outra cousa é que cando se licite a obra eses terreos teñen que estar a

disposición da Xunta de Galicia, que o estarán, e respecto aos terreos da escola infantil, está previsto ubicala na escola do Carril en Barallobre, terreo que xa é propiedade municipal e pregunta qué dúbidas hai sobre disto, respecto do centro de día di que se instalara onde están os módulos en Perlío, tamén de propiedade municipal, os locais de ensaio se ubicarán na escola de Chamoso, tamén local municipal e esa documentación que ten pedida o Partido Popular lles será remitida sen ningún tipo de problema, igual que a documentación relativa a FM Comunicación. Respecto da moción do déficit público está en Secretaría e será levada a próxima Comisión Informativa para o seu ditame e posteriormente ao próximo Pleno.

A continuación fai uso da palabra a concelleira delegada de Cultura e Deportes, María del Carmen Silvar Canosa, que resposta respecto da Feira do Mar en relación de si a empresa vai cobrar algo directamente do Concello ou se vai nutrir do que lle cobra aos postos, di que o encargado de cobrar os postos, así é o responsable da vixilancia daqueles, e agás aos expositores non cobra a ninguén máis.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro delegado de Obras e Servizos, José Antonio López Rodríguez para respostar respecto do espello da parada de taxis de Perlío dicindo que se arranxará nos próximos días, que se colocou ben, que hai camións que tropezan nel e si se retranquea ou si se sube un pouco perde visibilidade polo que se estudará a mellor solución.

A continuación o concelleiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez, fai uso da palabra para rogar que se tome algunha medida nas praias ou nos parques respecto dos excrementos dos cans, xa que as queixas son constantes, coma por exemplo na praia e no parque de San Valentín. Tamén quere rogar respecto do camiño que vai cara o campo do Perlío que está en moi mal estado, ten moitas fochas e era preciso facer algo ao respecto. Pregunta respecto da piscina, que comezou a funcionar o día un, e quere saber cales son as previsións de funcionamento e de usuarios. Tamén pregunta pola sinatura do convenio mancomunado da recollida de voluminosos e quere saber si se está a traballar nesto e si suporía un aforro.

A continuación fai uso da palabra a concelleira delegada de Cultura e Deportes, María del Carmen Silvar Canosa, que resposta respecto da piscina dicindo que abriu o día pero só para baño libre, o ximnasio e a sauna pero non para ningunha escola en particular e que comezarán o día un de outubro, que abrirá o período de inscricións nos vindeiros días e dá conta de que hai máis de seiscentas preinscricións dende o mes de xuño e se espera, coma o ano pasado, máis de novecentas inscricións.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro delegado de Obras e Servizos, José Antonio López Rodríguez para contestar respecto do convenio de voluminosos dicindo que hai dúas partes na Mancomunidade, unha que é o de levalos ao punto limpo, que se está a traballar nun prego co prezo de saída que ten Fene que é de cento trinta euros por tonelada, que é o máis baixo da comarca, e se está a traballar para conseguir baixar un pouco este prezo e que saía ben para todos os concellos, e que tamén se está a traballar noutra vía para mancomunar a recollida en toda a comarca, do que dará conta na vindeira Comisión. Que de todo isto aínda non hai nada concreto pero dará conta na Comisión segundo se avance nas mesmas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión dezanove horas e corenta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretario xeral, dou fe.

Visto e praxe,

O secretario,

O alcalde-presidente

Iván Puentes Rivera

Jesús Tallón García